



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CEIP SAN TOMÉ
Rúa Os Olmos, 20
36630 – Cambados – Pontevedra
Teléfonos: 886151190/91/92
ceip.san.tome@edu.xunta.gal

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN TOMÉ

NIVEL: 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)

36015093

DATA: 06-05-2020



ÍNDICE

- 1. Introducción-contextualización.**
- 2. Áreas e bloques de contidos.**
- 3. Competencias.**
- 4. Avaliación e cualificación.**
- 5. Adaptacións referidas á atención a diversidade.**
- 6. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 7. Información e publicidade.**



1. INTRODUCCIÓN

Nun contexto social excepcional provocado pola pandemia do COVID-19, a realidade educativa sufriu un xiro repentino de escenario, medios e procedementos que tiveron que ser adaptados seguindo as pautas lexislativas correspondentes.

Todos os mestres que imparten neste nivel, ó que vai dirixido este documento, reuníronse telematicamente e decidiron de xeito conxunto o contido de todos os apartados que compoñen dito documento e que seguidamente se especifican.

O alumnado está no curso de 6º de Educación Infantil (5 anos) e pertence a dous grupos (A e B), polo que as titoras de ambas clases establecemos unha estreita vía de comunicación, coordinación e traballo conxunto para a elaboración das propostas de actividades diarias que se van subindo á aula virtual.



2-ÁREAS E BLOQUES DE CONTIDOS.

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

O CORPO E A PROPIA IMAXE

- Representación da figura humana completa respectando as proporcións e en diferentes posicións.
- Identificación dos sentidos como fonte de sensacións para o descubrimento propio e do seu contorno.
- Adquisición de confianza nas capacidades propias para a execución das tarefas habituais.
- Perseveranza na realización das súas actividades e na busca de estratexias para a resolución dos problemas cotiás.
- Expresión e identificación nun mesmo e nas outras persoas de estados de ánimo, sentimentos e emocións.

XOGO E MOVEMENTO

- Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, aceptando as normas establecidas, propoñendo variacións e recoñecendo os seus erros para tratar de mellorar nas súas actuacións.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.

A ACTIVIDADE COTIÁ

- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar axuda.
- Aceptación das responsabilidades asignadas cunha actitude positiva, esforzándose por executar as tarefas de forma ordenada.



O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE

- Recoñecemento da necesidade de manter uns hábitos de hixiene diario e un aspecto aseado, solucionando autonomamente as necesidades básicas do seu corpo.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDAS

- Experimentación con obxectos e materiais para obter información sobre os seus atributos e propiedades, atendendo a estas para clasificalos, ordenalos ou comparalos.
- Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades, empregando os números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade en situacións contextualizadas e significativas.
- Resolución de situacións problemáticas a través da busca de estratexias que impliquen a estimación e busca de datos numéricos, a través de operacións como a suma.
- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándoos axeitadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.
- Diferenciación das diferentes nocións temporais, anticipando e recordando unha secuencia de eventos.

ACHEGAMENTO Á NATUREZA

- Identificación das normas básicas para a conservación de ambientes limpos e non contaminados.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas, identificando as accións cotiás que repercuten negativamente no mantemento da natureza.
- Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos



de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.

- Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.
- Formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.

CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

- Adaptación do comportamento ás regras e normas dos diferentes contextos e situacións.
- Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Identificación dos roles da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

LINGUAXE VERBAL:ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Valoración e emprego da linguaxe oral como mecanismo para comunicarse con outras persoas, compartir información ou expresar sentimentos, emocións e ideas.
- Interese e atención na escoita de outras persoas para comprender ideas, ordes ou explicacións.

LINGUAXE VERBAL: APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA. ACHEGAMENTO Á LITERATURA

- Iniciación do uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Interese e actitude activa ante a lectura.



- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica, identificando palabras e frases escritas moi significativas e usuais e percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas -cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas- e propiedades cualitativas -variedade de grafías-.
- escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...; tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.

LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA

- Potenciación da imaxinación e a fantasía como medio para enriquecer a actividade creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de diferentes materiais, útiles e soportes como recursos e medios de expresión.
- Uso de diferentes técnicas plásticas como medio de expresión e comunicación.

LINGUAXE ARTÍSTICA: MUSICAL

- Gozo coa participación en actividades expresivas musicais.
- Descubrimento das posibilidades expresivas musicais do seu propio corpo.
- Interese polas actividades expresivas musicais.

LINGUAXE ARTÍSTICA: CORPORAL

- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e mais o intercambio afectivo.

LINGUAXE AUDIOVISUAL E TIC

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Utilización, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas como medios de expresión.



LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- Interese por cancións, vídeos e contos de lingua estranxeira.
- Gusto pola realización da actividades propostas na lingua estranxeira.



3- COMPETENCIAS

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Utilización da linguaxe tanto como instrumento de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e regulación de condutas e emocións.
COMPETENCIA MATEMÁTICA	Utilización e relación de números, operacións básicas, símbolos, razoamento matemático, aspectos cuantitativos e especiais da realidade e resolución de problemas da vida cotiá.
COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.	Comprensión de sucesos, predición de consecuencias, coidado do medio natural e protección da saúde individual e colectiva.
TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL	Busca, obtención, selección, procesamento da información e transformación da mesma en coñecemento.
COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	Relacionarse cos demais, cooperación , ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptación das diferenzas e respecto polos valores, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.
COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA	Coñecemento, comprensión, valoración e apreciación de diferentes manifestacións culturais e artísticas.
COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	Dispoñibilidade de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma.
AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL	Desenvolvemento de valores persoais como a autoestima, a seguridade nun mesmo, a demora da satisfacción e a capacidade para enfrontarse aos problemas.



En Educación Infantil hai que iniciar ó alumnado na adquisición das competencias, para que se realice dun xeito progresivo e coherente dende o comezo da escolarización. Estas competencias orientarán e impregnarán o noso currículo, téndose coma referentes que guían a nosa práctica educativa e condicionan o tratamento nas áreas.

En tódalas actividades, xogos, obradoiros, proxectos..., traballamos as oito competencias, aínda que se afonde máis nunhas ca noutras dependendo das habilidades e destrezas que se pretendan adquirir en cada situación.



4-Avaliación e cualificación		
Avaliación	Técnicas	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación de tarefas/vídeos/fotos enviadas ● Revisión das tarefas ● Investigacións ● Entrevistas coas familias
	Instrumentos	<ul style="list-style-type: none"> ● Rexistro anecdótico ● Valoración de realizacións prácticas ● Táboas de indicadores
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> ● Toda a información recollida a través da avaliación continua ao longo do curso escolar. ● Indicadores específicos do XADE. 	

En Educación Infantil faise unha avaliación cualitativa e non cuantitativa do proceso educativo, tendo en conta as características de cada un dos titorandos.

A avaliación ten coma finalidade a identificación das aprendizaxes consolidadas polo alumnado, así coma a valoración do desenvolvemento alcanzado.

Nesta etapa é moi importante ter en conta o ritmo de cada discente, o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe. E especialmente neste trimestre, vai ser fundamental a participación e colaboración das familias nos fogares para conseguir os obxectivos previstos.

Tódolos días, as familias que o desexan, envían un correo electrónico ás titoras de cada grupo para que observemos o traballo feito e a evolución que se está a producir nas nenas e nenos, que continúan traballando dende a casa



debido ó confinamento. Estas actividades son recollidas nun vídeo semanal para publicalo no blog e que todos e todas vexan o que fan os seus compañeiros e compañeiras cada semana, para que, así, se sintan motivados para emprendela seguinte con moito ánimo e ganas de seguir aprendendo e reforzando o que xa se sabe.



5. Atención á diversidade

Medidas adoptadas	<ul style="list-style-type: none">○ Creación dun curso propio na aula virtual para o alumnado con adaptación curricular ou que recibía apoio educativo por parte da PT.○ Proposta de tarefas nese curso acorde ás características dese alumnado.○ Sesións en webex co alumnado de AL.○ Seguimento por parte do Departamento de Orientación a través de chamadas/videochamadas.
--------------------------	---

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL A

Neste grupo, todo o alumnado que precisa apoio educativo mostra dificultades lingüísticas, polo que as atencións que reciben son ofrecidas dende o departamento de Audición e Linguaxe. Estes alumnos son sete nenos e nenas que teñen acceso na Aula Virtual a un curso propio no que se lles ofrecen pautas para mellorar aqueles aspectos lingüísticos nos que presentan dificultades. Ademais, ofrécenselle sesións periódicas en Webex coa especialista de AL para valorar a evolución e reforzar as actuacións. Estas sesións son en grupos reducidos, para seis deles e individualmente para un.

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL B

En canto á atención á diversidade, no grupo de 6º de EI B, hai seis casos que reciben apoios.

Un neno ten unha carpeta propia na aula virtual, xa que recibe o apoio da especialista de PT, coa que continúa traballando e, ademais, dispón de



dúas sesións semanais por videoconferencia a través de Webex. A súa proposta de actividades diarias están adaptadas ás súas necesidades, para que poida realizalas e favorecer, deste xeito, o seu desenvolvemento e adquisición de autonomía.

Cinco nenas e nenos tamén reciben apoio da especialista de AL a través da aula virtual, nunha carpeta que se habilitou concretamente para iso. A maiores, dúas veces por semana poden contactar coa mestra a través de videoconferencia, na aplicación Webex, para traballar esas necesidades, que son basicamente de pronuncia de fonemas ou substitución dunhas consoantes por outras.



6. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<p>Actividades</p> <p>As <u>rutinas</u> e as <u>actividades con carácter lúdico</u> van ser fundamentais para que o alumnado se sinta motivado e con ganas de seguir aprendendo.</p>	<p>Repaso e reforzo</p>	<p><u>Lecto-escritura:</u> cabe destacar que o noso alumnado está en diferentes etapas da lecto-escritura, dependendo da madurez de cada neno e nena, polo que hai que respectar e non forzar o paso dunha etapa a outra se aínda non se atopan preparados, e motivalos para que queiran aprender cada día máis.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escritura de palabras dun xeito globalizado, para ampliar e adquirir léxico novo contextualizado a través do proxecto de centro sobre o plástico, traballando o ecosistema mariño. - Contar as letras de palabras, identificar cales son máis longas, máis curtas... - Elaboración de listas da compra. - Escritura de receitas de cociña. - escoita de contos, poemas... - Comprensión de textos literarios: cuestionarios orais sobre eles. - escoita e comprensión de documentais (neste caso, sobre a vida mariña adaptados, por suposto, á súa idade). - Cambiar os finais dos contos, engadir personaxes... - Redacción libre de textos a través da escritura espontánea coma historias, descrições de
---	--------------------------------	--



		<p>compañeiros e compañeiras (Libro dos records), etc.</p> <ul style="list-style-type: none">- Sopa de letras.- O aforcado.- Crucigramas.- Xogo das palabras encadeadas.- Motricidade fina: labirintos, trazos que favorezan a execución das letras, precisión do agarre en pinza...- Traballar a dirección da escrita de esquerda a dereita e de arriba a abaixo.
		<p>Lóxica-matemática:</p> <ul style="list-style-type: none">- Rexistro da data e tempo.- Traballar cantidades e pesos nas receitas de cociña.- Realizar series numéricas, completalas, invertilas, buscar os números anteriores e posteriores.- A máquina de sumar: manualidade para que se inicien na suma e vaian adquirindo o concepto. Representación das mesmas.- Sumas: con dados, obxectos, debuxos, etc., e rexistro das mesmas.- Xogos: bingo, parchís, a oca...- Resolución de problemas relacionados coa



		<p>vida cotiá.</p> <ul style="list-style-type: none">- Actividades sobre as formas: representación, tamaño, series...- Xogos: buscar obxectos con diferentes formas pola casa.- Crear debuxos partindo dunha figura xeométrica dada.- Facer seriacións con diferentes elementos (coches, peluches, froita...) atendendo a un criterio dado: cor, tamaño, forma...- Relacionar a cantidade co número que a representa.- O trazo dos números do 1 ó 20: sobre fariña, con plastilina, lá, fíos, pasta, co dedo índice por riba, sobre papel...- Uso axeitado dos cuantificadores: máis, menos e igual.- Recoñecemento e clasificación dos números pares e impares.- Seguir a serie numérica uníndoa para crear debuxos.- Proposta de retos adaptándonos a situacións que poidan atopar na casa.- -Rexistrar cantidades.- Identificación de pares e impares a través de actividades manipulativas.
--	--	--



		<p>Educación Artística:</p> <ul style="list-style-type: none"> - “Libro dos recordos”: debuxar a cada compañeiro/a tendo en conta as súas características persoais (cor de ollos, pelo, gafas...), proporcións, etc. - Debuxo libre. - Debuxo guiado. - Collage con materiais de reciclaxe. - Pintar con témperas. - Manualidades: con briks, cartón, caixas, vasos de iogur, etc. - Tutoriais elaborados polas mestras: pintura máxica, debuxos empregando coma base a propia man, creacións artísticas con pasta, estampado de témpera con patacas... - Mestura das cores primarias para obter secundarias.
	<p>Ampliación</p>	<p><u>Lecto-escritura:</u> realizaremos unha presentación e achegamento ás letras minúsculas dun modo xeneralizado para iniciar ó alumnado, xa que as condicións actuais non nos permiten afondar máis nin traballalas na aula dun xeito máis específico.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de trazo das letras minúsculas: en



		<p>fariña, con plastilina, con lá, fíos, pasta, co dedo, cun coche, sobre papel...</p> <ul style="list-style-type: none">- Discriminación de letras minúsculas no nome propio e nos apelidos.- Xogos para relacionar letras maiúsculas coas minúsculas: de memoria, con tarxetas para buscar parellas, discriminación de letras en textos, etc.
		<p><u>Lóxico-matemática:</u> partirase sempre do traballo manipulativo para a comprensión da relación entre número e cantidade, para logo pasar á representación escrita sobre papel.</p> <ul style="list-style-type: none">- A serie numérica do 20 ó 30.- Cuantificar oralmente elementos (lentellas, sopa...) ata o número 30.- Representación das grafías numéricas: con fariña, plastilina, pasta, lentellas, fíos, co dedo índice, repasando con rotuladores por puntos e logo facéndoas dun xeito autónomo sobre papel.- A suma de números de dúas cifras: usando a máquina de sumar e dun xeito manipulativo (con pinturas, garavanzos, etc.).
		<p>Educación Artística:</p> <ul style="list-style-type: none">- Titoriais de arte elaborados por nós mesmas: con



		<p>materiais de reciclaxe, con debuxos guiados...</p> <ul style="list-style-type: none"> - Experimentos: mestura de cores, creacións con colorantes alimenticios... - Experimentar coas posibilidades plásticas de diferentes materiais e técnicas: collage, esgrafiado, moldeado, etc.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Con conectividade</p>	<p>Vídeos coa presentación do contido</p> <p>Tarefas relacionadas co vídeo/texto.</p> <p>Problemas de aplicación a situacións da vida cotiá.</p>
	<p>Sen conectividade</p>	<p>Envío en papel das tarefas, adaptando a presentación do contido a ese formato.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Vídeos de produción propia ● Vídeos externos (youtube, eduteca, happy learning...) ● Presentacións de produción propia (genial.ly, pdf) ● Videocontos ● Audios de produción propia ● Videoconferencias ● Aula virtual / web do centro / blogs 	

A metodoloxía será activa e fomentará a manipulación, observación, investigación... Irá encamiñada a proporcionarlles ós escolares aprendizaxes significativas partindo dos coñecementos previos e da zona de desenvolvemento próxima. Precisarase da colaboración das familias que, sen dúbida, están a ter un papel fundamental para continuar co proceso educativo



do alumnado, pois é moi importante a súa implicación na educación dos seus fillos e fillas, ante unha situación tan excepcional coma esta, que nos obriga a permanecer nas casas e a traballar por medios telemáticos.

Con respecto ás actividades, continúanse facendo, a través da aula virtual e dos blogs de centro, as conmemorativas, coma por exemplo, o “Día do libro”, “Día das Letras Galegas”...

Así mesmo continúanse actividades anuais como os retos lectores mensuais, que agora, temos que facer vía online.



7. Información e publicidade

Información ó
alumnado e ás
familias

Empregaranse as vías de comunicación habituais neste tempo:

- Comunicación xeral a través de abalarmóbil.
 - Información xeral da situación educativa.
 - Comunicados de centro.
 - Comunicados de aula.
 - Salas de mensaxería para temas diversos.
 - Mensaxes privadas a alumnado concreto.
 - Informe das tarefas entregadas
 - Informe de non conexión (co obxectivo de detectar dificultades, non inquisidor)
- Comunicación na aula virtual/plataforma EVA.
 - Plan de tarefas.
 - Vídeos explicativos.
 - Convocatoria de videoconferencias.
 - Propostas voluntarias (vídeos, actividades).
- Webex:
 - Explicación de tarefas concretas.
 - Aclaración de dúbidas a alumnado.
 - Sesións de titoría.
 - Sesións de PT e AL
- Correo electrónico:
 - Comunicación directa individualizada coas familias.
 - Plataforma para o envío de fotografías e vídeos do alumnado e do resultado das tarefas e actividades.



<p>Publicidade</p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Abalarmóbil de centro para as familias con enlace ó documento.</p> <ul style="list-style-type: none">• Blog: <p>Comunicación de avisos e novas.</p> <p>Publicación de vídeos e recursos dixitais.</p>
---------------------------	--